

## Concello de Viveiro

**Resolución N.º: 2020-2122**  
**Expediente núm.: 1629/2020**

### PUBLICACIÓN

Publicase para xeral coñecemento dos interesados no proceso selectivo, en virtude do disposto no artigo 45 da Ley 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, Resolución dictada pola Alcaldía en data 16 de setembro de 2020, que literalmente dí:

#### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta, en funcións, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*

*No Boletín Oficial da Provincia número 184, de 12 de agosto de 2020, publicase a convocatoria da selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino, de un TÉCNICO EN TURISMO ao amparo do Convenio de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro, rematando o período de nomeamento como data límite o 15 de setembro de 2020. Expte.: 1629/2020.*

*Vistas as bases xerais, específicas e anexo, polas que se establecen as normas que rexerán a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro na oficina de Turismo, ao amparo do Convenio de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro.*

*Vista a Resolución de Alcaldía de data 21 de agosto de 2020, pola que se nomea os membros que forman o Tribunal de dito proceso selectivo.*

*Vista a Resolución de Alcaldía de data 26 de agosto de 2020, na que se resolve a lista provisional de admitidos e excluídos dos aspirantes presentados a dito proceso.*

*Tendo en conta que a publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique.*

*Tendo en conta que dito prazo de subsanación empezou o día 27 de agosto de 2020 e finalizou o día 11 de setembro de 2020, e que segundo o Convenio de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro, rematando o período de nomeamento do persoal seleccionado para a prestación de servizos como data límite o 15 de setembro de 2020.*

*Tendo en conta que por parte da Consellería de Cultura e Turismo, se recibe no rexistro xeral deste Concello en data 03 de agosto de 2020 o Convenio asinado de Colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro para o nomeamento de persoal nas oficinas de turismo, para a prestación de servizos entre o 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2020.*

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** *Desistir do proceso selectivo para o nomeamento de un Técnico en Turismo, ao abeiro do Convenio de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro, por non conseguir que dito proceso poida ser finalizado dentro da data límite estipulada no Convenio do 15 de setembro de 2020.*

**SEGUNDO.-** *Notificar a presente resolución aos interesados mediante a publicación do taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital, e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.*

*Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe*

*A Alcaldesa,*

*Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.*

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





## Concello de Viveiro

---

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

Contra a presente publicación, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxucio de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Secretario Xeral

Asdo.- María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

